

SIMPOSIOS DO ILG

PERSPECTIVAS SOBRE A ORALIDADE



Facultade de Filoloxía
Santiago de Compostela
17 outubro- 9 novembro de 2007

Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

Sección de Lingua
Consello da Cultura Galega



O Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela vén organizando desde o ano 2001 simposios dedicados a temas específicos e de interese para a nosa comunidade científica. Para o presente curso (2007-2008) o tema que se acordou tratar é *Perspectivas sobre a oralidade*.

A oralidade é inherente ao ser humano e é a primeira e fundamental manifestación da linguaxe, mais ao longo da historia da lingüística tratouse de maneira secundaria ou marxinal, debido en parte ao excesivo peso que lle outorgamos na nosa sociedade á cultura escrita e en parte a que se trata dun obxecto de estudo moitas veces difícil de aprehender e sistematizar. Nos últimos decenios os estudos sobre a oralidade tiveron un gran desenvolvemento, mais na lingüística galega en moitas das súas vertentes os traballos son aínda escasos e algunhas liñas de investigación que presentan un gran potencial aínda están apenas encetadas.

Ademais, a comunicación a través da voz constitúe un campo de estudo moi extenso que presenta múltiples facetas, polo que debe ser abordado desde diferentes disciplinas con metodoloxías específicas, desde a lingüística á antropoloxía, a literatura, a psicoloxía ou a medicina, entre outras. Existen hoxe en Galicia moitos especialistas que traballan nalgunha destas áreas vinculadas á comunicación oral, e que poden contribuír, cadaquén desde a súa especialidade, a construír un coñecemento máis completo e integrado da oralidade.

Por tanto, o ILG quere contribuír coa organización deste simposio ao encontro dos investigadores que hoxe en día traballan en Galicia sobre algunha dimensión da oralidade, e á presentación e coñecemento doutros aspectos da oralidade insuficientemente estudados no galego, para así enriquecer os traballos que se están a desenvolver e, asemade, contribuír a abrir novas liñas de investigación.

Todos os traballos presentados no simposio *Perspectivas sobre a oralidade* son contribucións orixinais, elaboradas por encargo expreso da organización por especialistas en cada materia, que poderán ser debatidos de maneira inmediata nos coloquios que seguirán a cada intervención e, de xeito demorado, tras a súa difusión escrita, en volume de actas publicado polo Consello da Cultura Galega.

As conferencias tratan temas que requiren diferentes especializacións e metodoloxías específicas: análise da conversa e do discurso oral, a literatura oral (tanto nas súas formas tradicionais coma noutras máis innovadoras), a variación da lingua falada, a lingua oral nos medios de comunicación, a adquisición da lingua e aprendizaxe da expresión oral, o uso da voz na comunicación e uso de recursos non verbais, tecnoloxías da fala e a elaboración e etiquetaxe de córpora orais.

Confiamos en que este simposio sirva de complemento e reforzo para a formación dos estudantes, especialmente de segundo e terceiro ciclos, e, sobre todo, de estímulo para que os investigadores novos tomen contacto con especialistas e con ideas que lles descubran as posibilidades deste suxestivo e prometedor campo de estudo.

PROGRAMA

17/X	17:00	Acto inaugural
	17:30	Conferencia inaugural Amparo Tusón (Universitat Autònoma de Barcelona)
18/X	17:00	O ALGa e o Arquivo do Galego Oral: a imaxe do galego Francisco Fernández Rei (ILG / USC)
	17:45	O proxecto AMPER e a prosodia galega A. B. Escourido / E. Fernández Rei / M. González / X. L. Regueira (ILG / USC)
	18:30	Coloquio
24/X	17:00	A literatura de transmisión oral Domingo Blanco (IES San Tomé de Freixeiro – Vigo)
	17:45	Os novos xéneros orais Quico Cadaval (actor e director teatral)
	18:30	Coloquio
25/X	17:00	O uso da voz na comunicación Elisa Lois (foniatra)
	17:45	Comunicación non verbal Aitor Rivas (Univ. de Tübingen)
	18:30	Coloquio
30/X	17:00	Adquisición da lingua Miguel Pérez Pereira (USC)
	17:45	Expresión oral Elisa Fernández Rei (ILG / USC)
	18:30	Coloquio
31/X	17:00	O catalán falado nos medios de comunicación Albert Rico (Univ. Autònoma de Barcelona)
	17:45	Os modelos orais de galego nos medios de comunicación Antón Dobao (CRTVG)
	18:30	Coloquio
07/XI	17:00	Síntese de voz Eduardo Rodríguez Banga (Universidade de Vigo)
	17:45	Recoñecemento da fala Carmen García Mateo (Universidade de Vigo)
	18:30	Coloquio
08/XI	17:00	Un corpus da lingua falada: o FonAtari (Euskal Fonetikaren Ataria) Alexander Iribar (Deustuko Unibersitatea)
	17:45	Recolla e transcrición de córpora orais Tiago Freitas (Instituto de Linguística Teórica e Computacional)
	18:30	Coloquio
09/XI	17:00	Conferencia e acto de clausura O patrimonio oral Antón Santamarina (USC)

Organiza

Instituto da Lingua Galega (USC) e Consello da Cultura Galega.

Comité organizador

Xosé Luís Regueira Fernández, Elisa Fernández Rey, Ana Belén Escourido Pernas.

Comité científico

Manuel González González, Rosario Álvarez Blanco, Michel Contini, Francisco Fernández Rei, Johannes Kabatek, Antonio Romano, Antón Santamarina Fernández.

Destinatarios

Especialistas en distintos campos da lingüística galega e profesionais da lingua, sobre todo os relacionados coa lingua falada. Está especialmente aberto aos alumnos do segundo e terceiro ciclo de Filoloxía (concedida a validación por un crédito de libre configuración), así como a investigadores en formación.

Organismos financiadores

Instituto da Lingua Galega, Consello da Cultura Galega, Departamento de Filoloxía Galega, Facultade de Filoloxía e Vicerreitorado de Investigación e Innovación (USC), Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e Ministerio de Educación y Ciencia.

Inscripción

A cota, única para todos os asistentes, será de 30 euros, que deberán ser ingresados en concepto de “Cota Simposio *Perspectivas sobre a oralidade*”, na conta que a USC ten aberta no Banco Santander Central Hispano co número 0049-2584-90-2214002210. O formulario de inscrición, xunto co xustificante de pagamento, debe ser remitido ao ILG á atención de Ana Belén Escourido (anaescourido@gmail.com). O prazo de inscrición remata o 15 de outubro.

Control de asistencia

O control farase por medio de sinaturas. Entregarase o diploma de asistencia ás persoas que asistan cando menos ao 70% das sesións.

Recoñecemento académico

Está previsto que equivalla a un crédito de libre configuración.

Lugar de realización

Salón de graos da Facultade de Filoloxía (USC).

Enderezo de contacto

Simposio *Perspectivas sobre a oralidade*

Instituto da Lingua Galega

Praza da Universidade, 4

aescourido@gmail.com

Teléfono

981 56 31 00, extensión 12806.

Formulario de inscrición Simposio
Perspectivas sobre a oralidade

NOME DNI

APELIDOS

ENDEREZO

POBOACIÓN

TELEFONO / FAX

Desexa inscribirse no Simposio *Perspectivas sobre a oralidade*, para o que ingresa a cota correspondente na conta bancaria do Banco Santander Central Hispano 0049-2584-90-2214002210. **Cota de inscrición (única): 30 euros.** No formulario do banco hai que indicar que o ingreso se fai polo concepto "Cota *Simposio ILG 2007*". Este formulario e o xustificante de pagamento débense enviar antes do 17 de outubro a:

Ana Belén Escourido Pernas
Instituto da Lingua Galega
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela



Colaboran

